

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN COMITÉ ESPAÑOL DE LA UNRWA (UNRWA ESPAÑA) PARA O PROXECTO “EDUCACIÓN EN EMERXENCIAS: ASEGURAR O DERECHO A UNHA EDUCACIÓN DE CALIDADE PARA OS NENOS E NENAS NUN CONTEXTO DE CRISE HUMANITARIA EN GAZA”.

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia.

O V Plan Director da Cooperación Galega 2023- 2026 recoñece entre os ámbitos estratéxicos da cooperación galega, dunha banda AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables, e doutra AE 6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, e cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e fomento da resiliencia.

(2) Antecedentes: UNRWA España é o primeiro comité constituído en 2005 para apoiar o traballo de UNRWA, principalmente en actividades de sensibilización e captación de fondos en España. Para permitir a realización do apoio mencionado, UNRWA e UNRWA España asinaron un acordo de cooperación o 9 de xullo de 2005, actualmente vixente, polo cal as contribucións realizadas polas Comunidades Autónomas de España e asignadas a UNRWA derivadas do acordo previamente mencionado, serán recoñecidas como contribucións obtidas por UNRWA España en beneficio das operacións levadas a



cabo por UNRWA, do que se deriva a súa capacidade técnica e loxística necesaria para a óptima execución da intervención proposta.

Desde o 7 de outubro de 2023, e co inicio da guerra en Gaza, a educación dos estudantes viuse gravemente interrompida. Desde o inicio das hostilidades, o acceso á educación básica foi interrompido para os estudantes en Gaza, xa que as escolas e centros de formación profesional pasaron a funcionar como refuxios de emerxencia para a poboación desprazada e unha alta porcentaxe sufriron danos polos ataques.

A interrupción da educación, unida á crise humanitaria, afectou gravemente á infancia, deixando a miles de nenos e nenas sen acceso ao seu dereito fundamental á educación. O acceso á educación en emerxencias é crucial para a protección e o benestar dos menores, xa que proporciona estrutura, estabilidade e esperanza.

A intervención exposta ten como obxectivo responder á situación de emerxencia provocada polas consecuencias do conflito en Gaza, iniciado o 7 de outubro de 2023 e actualmente nun escenario de cesamento do fogo desde o 10 de outubro de 2025. Neste contexto de extrema vulnerabilidade, as accións oriéntanse prioritariamente a promover o benestar psicosocial e educativo dos nenos e as nenas na franxa de Gaza, así como a facilitar a súa reincorporación progresiva ao sistema educativo, garantindo o acceso efectivo ao seu dereito á educación e á saúde mental nunha contorna profundamente afectada pola destrución e o desprazamento forzado.

Os fondos achegados pola Xunta de Galicia serán utilizados para a contratación de cinco docentes, garantindo o acceso dos menores e novos a oportunidades de aprendizaxe.

Neste sentido, o programa Back to Learning de UNRWA, o cal se lanzou o 1 de agosto de 2024, busca garantir que os nenos e nenas refuxiados poidan continuar a súa aprendizaxe mediante a creación de espazos educativos seguros nos Espazos de Aprendizaxe Temporais (TLS, polas súas siglas en inglés).



Ademais, no marco deste proxecto impleméntase un programa de educación a distancia mediante a plataforma Keep Learning e comunidades educativas virtuais que UNRWA, en colaboración co Ministerio de Educación, desenvolveron como alternativa para garantir o acceso á aprendizaxe de todos os nenos, nenas e novas. Estes programas ofrecen ao alumnado de todos os niveis acceso a materiais das materias básicas, árabe, inglés, matemáticas e ciencias, e incorporan actividades de apoio psicosocial e orientacións de seguridade para axudar á infancia para evitar os riscos provocados polos restos de explosivos de guerra e outros residuos perigosos.

A proposta busca garantir o exercicio do dereito á educación de nenos, nenas e adolescentes vulnerables afectados pola crise humanitaria na Franxa de Gaza.

(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a entidade Asociación Comité Español de la UNRWA para a execución do proxecto "Educación en emerxencias: asegurar o dereito a una educación de calidade para nenos e nenas nun contexto de crise humanitaria en Gaza".

(4) O convenio ten por obxecto contribuír a través de "Asociación Comité Español de la UNRWA" a garantir o exercicio do dereito a educación de nenos, nenas e adolescentes vulnerables afectados pola crise humanitaria na Franxa de Gaza.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso xuntar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación refuxiada na Franxa de Gaza.

De tal xeito, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo os artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.



(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 50.000 € (cincuenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

